



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLE/2020/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de febreiro de 2020
Duración	Desde as 20:05 ata as 22:45 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario accidental	JOSE CARLOS VILARIÑO MEIRA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	SÍ
***9424**	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	SÍ
***3896**	IRIA VILLAR RODAL	SÍ
***8548**	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
***1907**	LAURA VERDE CURRA	SÍ
***0756**	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
***3512**	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***1129**	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ





Concello de Cangas

***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***3449**	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
***1859**	RAFAEL JIMÉNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
***3514**	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
***3439**	ROSA MARY DE LA CAMPA PORTELA	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***3926**	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
***3661**	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 31 de xaneiro de 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Pleno da Corporación de Cangas acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar o borrador da acta do Concello Pleno realizada o día 31 de xaneiro de 2020, coas seguintes modificacións:

- Facer constar a asistencia do Sr. Sotelo Villar ao Concello Pleno, xa que debido a un erro administrativo se indicou que non asistiría. Nas votacións dos puntos da orde do día sí se fixera constar a súa asistencia.

- Punto 6º e punto 7º.- As intervencións correspondentes aos tratamentos dos expedientes nº 7188/2019 e nº 457/2020, están cambiadas, as do punto 6º están nas do punto 7º e viceversa, polo que corresponde a súa rectificación.

Expediente 6700/2019. Proposta da alcaldía s/concesión de subvención do IDAE para renovación da iluminación exterior do Concello de Cangas

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta da alcaldía de data 20.02.2020, referente á concesión de subvención do IDAE para renovación da iluminación exterior do Concello de Cangas, que é como segue:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 4PF55Y6ZCE3A7AW3K45JGA6EW | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 24



"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a resolución do IDAE (Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía), asinada o 07.02.2020 e con entrada no rexistro do Concello de Cangas o 10.02.2020, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda ao Concello de Cangas, formulada no contexto do Rd 616/2017, de 16 de xuño, pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE nº 144 de data 17 de xuño de 2017), modificado polo Rd. 1516/2018, de 28 de decembro (BOE nº 314, de 29 de decembro de 2018 e o Rd 316/2019, 26 de abril (BOE nº 130, de 30 de abril de 2019).

Visto que a solicitude aprobada trata o proxecto de renovación da iluminación pública exterior no municipio de Cangas.

Visto todo o que antecede, esta alcaldía propón que se adopte o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aceptar a axuda concedida, de acordo co apartado f) Aceptación da axuda, do punto primeiro da resolución do IDAE. Aceptar e cumprir os termos e condicións aplicables recollidos na resolución, en especial, as indicadas no apartado d) Condicións e termos da concesión da axuda e apartado e) Condicións de obrigado cumprimento; xunto con calquera outra que se indique na resolución.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo ao IDAE no prazo indicado na resolución".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 24.02.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. Alcalde: explica a moción de aceptación da subvención do IDAE requisito imprescindible para poder recibir o importe desta subvención. Esta subvención é para a renovación da iluminación exterior do Concello de Cangas. Solicita ao Pleno a aprobación e aceptación desta moción.

Sra. Vizoso Marcos: AVANTE apoia esta moción dada a urxencia de actuar na iluminación exterior do Concello e dado o importe desta subvención e indica a necesidade de ser dilixentes nos prazos e que se execute en tempo e forma.

Sra. Giráldez Santos: o BNG alégrase desta subvención. Hai que actuar sobre as luminarias e abaratar os custos da iluminación pública. Apoiaremos a propostas pero hai que dar explicacións das características deste proxecto e quen se beneficia.

Sr Abalo Costa: sinala que hai que actuar conforme ás bases publicadas que rexen este tipo de subvencións.

Sra. Hermelo Piñeiro: subsanados os erros, felicita por presentarse sen erros e en tempo. Nós lamentamos o tempo perdido. Fomos os únicos que aconsellamos acudir a fondos FEDER. Dixeron que non se ía a dar pero déronno, perdeuse tempo. Perdeuse o aforro enerxético de 2,5





anos. Había que ofrecer un proxecto real e acadar unha mellor subvención para mellores cadros e liñas.

Sr. alcalde: trátase de aceptar a subvención. Se beneficia Cangas, Sra. Giráldez.

Sr Abalo Costa: cuestión importante, pódolle entregar a documentación para ver que antes non se podían pedir os fondos FEDER.

Sra. Hermelo Piñeiro: estou esperando desde agosto do ano 2017 pero lamentamos 2 anos de retraso, pero me alegro da subvención.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 5633/2019. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade s/aprobación inicial da Ordenanza reguladora da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade de data 20.02.2020, referente á aprobación inicial da Ordenanza reguladora da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional, que é como segue:

"PROPOSTA COMISIÓN INFORMATIVA

O Concello de Cangas, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e sempre dentro da esfera das súas competencias, procede a regular e a aprobación dunha Ordenanza reguladora da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional.

O obxecto da presente ordenanza é regular a expedición e uso da tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con diversidade funcional que presenten mobilidade reducida.

Considerándose do máximo interese para este Municipio a aprobación de a dita ordenanza municipal co obxecto de controlar a regulación a nivel municipal da expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional que presenten mobilidade reducida, coa finalidade de favorecer o uso dos transportes privados por persoas con problemas de mobilidade e para que o seu titular poida gozar de facilidades de estacionamento e a súa adaptación ao Real decreto 1056/2014, de 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade.

Considerando que por providencia de Alcaldía de data 18 de novembro de 2019, solicitouse informe de secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a elaboración dunha Ordenanza reguladora da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional.

Considerando o devandito informe, emitido en data 16.01.2020, se considera que con carácter





previo á elaboración do proxecto de regulamento ou de ordenanza, substanciarase unha consulta pública, a través do portal web da administración competente na Concello de Cangas. Pero poderá omitirse a consulta pública cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica (como é o presente caso), non imponha obrigacións relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia. A concorrencia das devanditas circunstancias deberán quedar suficientemente acreditadas.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o informe de secretaría, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a seguinte ordenanza municipal:

'Ordenanza reguladora da concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con diversidade funcional'.

SEGUNDO.- Someter dita ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello de Cangas, polo prazo de TRINTA DÍAS, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

O acordo de aprobación inicial, xunto co texto íntegro da ordenanza, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Simultaneamente, publicarase o texto da ordenanza municipal no portal web do Concello www.concellodecangas.gal co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno, extendéndose pola secretaría certificación que acredite a elevación definitiva da aprobación inicial.

TERCEIRO.- Solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

CUARTO.- Facultar ao Sr. alcalde para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, emitido en data 24.02.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Portas Mariño: explica a moción proposta, é unha ordenanza para regular a concesión de tarxetas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida por diversidade funcional, controlar e evitar a falsificación de tarxetas e para protexer ás persoas con diversidade funcional. E evitar un mal uso destas. O Concello de Cangas ten unhas 200 tarxetas.





Sr. Hermelo Álvarez: agradecer o convite á participación nesta ordenanza. É necesaria unha colaboración da policía local. É necesaria esta ordenanza. Votaremos a favor.

Sra. Rial Pardo: fixemos unha achega para que se recollera na moción. Estamos contentos de que se faga unha ordenanza. Esperemos que os técnicos de asociacións asesoren neste tema.

Sr. Alcalde: isto é unha aprobación inicial con período de alegacións.

Sra. De la Campa Portela: é unha medida interesante para evitar o uso fraudulento dos aparcamentos reservados. Apoiamos a proposta. É importante e axústase á lei. Consideramos que hai que dar un segundo paso e nun segundo momento hai necesidade de ampliar as prazas de mobilidade reducida e que as prazas se axusten á normativa legal existente. Preguntamos pola aplicación SIMÓN, porque na proposta non se fala desta para explicala e a súa utilización en Cangas.

Sra. Portas Mariño: aclarar que se invitou a todos os portavoces dos partidos desta corporación. Esta ordenanza ten varias fases. Agora publícase temporalmente. Calquera veciño pode presentar alegacións e propostas para engadir. Houbo reunións con asociacións afectadas en Cangas antes da súa elaboración. Hai informe dos traballadores sociais e policía local. Recolle a aplicación SIMON, que é específica para identificar as tarxetas. A ordenanza leva un novo modelo de tarxeta de estacionamento. Leva un código para evitar a falsificación. A policía local fará o control das tarxetas e non con afán recaudatorio. Farase unha campaña de sensibilización.

É demandada polos colectivos de diversidade funcional. que atopan vehículos ocupando estas prazas con tarxetas fotocopiadas.

A achega do BNG cando me chega xa estaba elaborado o borrador inicial. Pode engadirse, pero xa o di o noutros artigos.

A zona azul está contemplada noutros concellos por iso figura na ordenanza por se se implanta.

Sra. De la Campa Portela: preguntar se se vai contemplar unha 2ª fase para avaliar as prazas.

Sr. alcalde: faremos un estudo de lugares e medidas das prazas de mobilidade reducida, segundo a normativa. Na lexislatura anterior duplicamos as prazas de mobilidade reducida.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1070/2020. Proposta de alcaldía para apoio á loita feminista

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 18, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 20.02.2020, referente ó apoio á loita feminista, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA





Visto o escrito presentado o pasado día 17 de febreiro de 2020 por ESQUERDA UNIDA, no que solicita moción de apoio á loita feminista 8 de marzo 2020, e que figura no expediente nº 1070/2020.

PROPOÑO:

Que se apoie por todos os grupos políticos do Concello de Cangas a loita feminista".

"AO PLENO DO CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO

Esquerda Unida do Morrazo, ao abeiro do disposto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta para a súa aprobación a seguinte:

MOCIÓN DE APOIO A LOITA FEMINISTA 8 de marzo de 2020

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo é o Día Internacional da Muller, que reivindica e visibiliza a loita das mulleres polos seus dereitos, participación e recoñecemento, en pé de igualdade cos homes, na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa. Proposta herdeira de feministas socialistas como Clara Zetkin que en 1910 impulsaron tal data e que foi posteriormente institucionalizada polas Nacións Unidas en 1975. A desigualdade que denuncia o feminismo é estrutural e global, asentada e sostida polo sistema capitalista e patriarcal cuxo obxectivo é obter beneficios e privilexios para uns poucos á conta das persoas máis vulnerables e oprimidas, que terminan sendo as mulleres en toda a súa diversidade (migrantes, racializadas, trans, con diversidade funcional, novas e maiores). A invisibilización dos traballos de coidados, a feminización da pobreza, as violencias machistas ou a falta de liberdade nas identidades sexuais e/ou expresións de xénero son algúns dos síntomas da subordinación social ás que ven sometidas en todas as esferas da vida e fai ineludible tomar todos os espazos que tamén lles pertencen: as rúas, as institucións, os centros de traballo ou estudo, os espazos culturais, etc.

Este 8M o movemento feminista traballa para ocupar o espazo público e visibilizar de forma descentralizada en todos os pobos e barrios das cidades e en todas as zonas rurais, un mundo cuxo funcionamento, datos e prácticas que se engloban e debuxan nestes escenarios:

- *Os continuos asasinatos de mulleres deben traducirse nun rexeitamento frontal a esta inaceptable realidade, que consolide a construción dunha cultura antipatriarcal para erradicar esta violencia sistémica da vida das mulleres.*
- *As mulleres están desprotexidas fronte ás agresións sexuais e as violacións; desde 2016 cometéronse 89 agresións sexuais múltiples no Estado Español. Esiximos unha educación afectivo-sexual desde a igualdade e a diversidade sexual, identidade e/ou expresión de xénero e que eduque aos homes nunha masculinidade non violenta.*
- *En todo o mundo, as mulleres gañan só entre o 60 e o 75 por cento do salario dos homes en traballos similares. A longo prazo, esta fenda salarial afecta ás súas pensións. Ademáis, as mulleres atópanse cun maior risco de pobreza e exclusión social que os homes, instalándose especialmente nos fogares monomarentais. En Galicia a fenda salarial entre mulleres e homes sitúase nun 30%. Así, segundo os últimos datos da Enquisa Anual de Estrutura Salarial do 2017, as mulleres ingresaron 5.488 € menos que os homes polo seu traballo asalariado. Iso existe fortalecer as políticas públicas e leis en materia de dependencia e servizos sociais que*





foron privatizadas, mercantilizadas e individualizadas.

■ *As miles e miles de mulleres e nenas traficadas para consumo sexual dos homes e a súa irrefutable conexión coa mal chamada 'industria do sexo' e a prostitución, fai imprescindible a posta en marcha de políticas públicas e protocolos globais contra a Trata que cumpran o Protocolo de Palermo para que as mulleres vítimas de trata e en situación de prostitución teñan alternativas formativas e laborais, políticas sociais e mecanismos de asilo e protección reais.*

■ *A práctica da interrupción voluntaria do embarazo non está garantida para todas as mulleres (migrantes ou mulleres entre os 16-18 anos). A lexislación existente permite que a clase médica máis reaccionaria poida negarse a realizar a IVE e que o Código Penal siga contemplando o aborto como un delito. Esiximos que se realicen de forma gratuita e dentro do sistema de saúde público. Denunciamos a represión cara a quen encabezan a loita polos dereitos sociais e reprodutivos.*

■ *As mulleres migrantes sofren maiores violencias no proceso migratorio e discriminacións xenófobas e racistas. Por elo son necesarias unhas políticas de estranxeiría respetuosas cos dereitos humanos e unhas políticas públicas que creen alternativas para as traballadoras migrantes en situación administrativa irregular, que loiten contra a súa exclusión e abuso no mercado laboral e as protexan da trata e a prostitución.*

■ *A notoria expansión que está adquirindo o debate e a demanda dos ventres/úteros de aluguer, non o esquezamos, de mulleres empobrecidas que son quen se ven obrigadas a esta forma de explotación capitalista e patriarcal, é un nicho de negocio que mercantiliza os corpos e as vidas das mulleres.*

■ *A misoxinia percorre a cultura e a ciencia en todos os seus ámbitos. Na arte, na literatura, no cine, nas matemáticas, na bioloxía, na inxeniería ou arquitectura... as mulleres apenas existen no espazo público. Esta invisibilización oculta as mulleres da Historia e fai que todas as súas achegas foran e sigan sendo totalmente ignoradas. Esiximos unha memoria histórica feminista que reivindique e rescate o papel e a presenza imprescindible das mulleres en temarios e materiais docentes en todos os niveis educativos e en todos os espazos culturais.*

Por estas e moitas máis razóns é necesario que este Concello/Deputación apoie as accións convocadas para o 8 de marzo. Unha Xornada de Loita que irá enmarcada con grandes accións e manifestacións ao longo de todo o territorio galego onde as mulleres tomarán as rúas para denunciar un ano máis que hai que transformar o mundo, cambiando os modelos patriarcais e capitalistas por modelos de igualdade, xustiza, paridade, liberdade, diversidade e democracia.

Hoxe, o feminismo segue sendo imprescindible para reverter a desigualdade, loitar contra a intolerancia e o odio e transformar a sociedade.

ACORDO

I. Apoiar as accións feministas que se desenvolvan na reivindicación do 8M facilitando con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres feministas no 8 de marzo.

II. Enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

III. Cumpriras medidas do Pacto de Estado de competencia municipal.





IV. Dar conta ao Pleno do Concello/Deputación da implantación, seguemento e estatísticas das medidas acordadas o ano anterior con motivo da aprobación deste texto, como evidencia de compromiso real coa moción que se aproba.

V. Implantar un Plan pola igualdade e contra a violencia de xénero, en coordinación con outras administracións públicas, acordado co movemento feminista e de mulleres, que teña como obxectivo o desenvolvemento das medidas contempladas presupuestariamente e que sexa avaliable anualmente.

VI. Dotar de recursos económicos aos clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e agrupacións deportivas escolares que non discriminen por razón de sexo nos seus premios ou recoñecementos que se outorguen a persoas deportistas.

VII. Desenvolver políticas encamiñadas á abolición da prostitución, como forma extrema de violencia de xénero. Executando políticas activas para erradicar todas as formas que teña relación coa explotación sexual; con especial atención ás ordenanzas de publicidade e todas aquelas que de forma directa ou indirecta permitan ou faciliten o desenvolvemento de actividades encamiñadas á devandita explotación.

VIII. A eliminar a publicidade discriminatoria ou denigrante das mulleres, ben desde os soportes, publicacións ou transportes públicos (marquesiñas, autobuses taxis, guías, ou información turística,...) ben non contratando con medios privados que a manteñan ou potencien.

IX. A implantar actividades escolares complementarias con formulacións que potencien valores non sexistas contrarios a calquera tipo de discriminación.

X.- Que as medidas/propostas sexan asumidas desde a dotación suficiente para ser levadas a cabo. Que teñan seguimento e mínima relación de obxectivos calendarizados para que se poida comprobar a suficiencia orzamentaria, a correcta implementación e a repartición de dotacións.

Asdo.: B.G.H. (coordinador de Esquerda Unida do Morrazo)".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 24.02.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. alcalde: explica a orixe da moción proposta e as medidas propostas con motivo do 8 de marzo.

Sra. Vizoso Marcos: discrepamos un pouco porque non pasou polo Consello de Igualdade. Hai puntos que non teñen que ver co ámbito municipal. Queriamos saber a opinión da concelleira.

Sr. alcalde: foi presentada por un grupo na Xunta de Portavoces e tratada na Comisión Única. Poñer en coñecemento de todos.

Sra. Villar Rodal: compartimos a opinión de AVANTE de presentala no Consello de Igualdade pero estamos de acordo coa loita feminista por unha igualdade. Apoiamos a moción.

Sr. Fandiño Alberte: toda moción que conteña medidas igualitarias será apoiada.

Sra. Portas Mariño: é unha proposta da Alcaldía. Levarase ao Consello todo o que veña con tempo. ACE apoiamos calquera tipo de loita en defensa da igualdade a apoiamos esta proposta.





Sra. Hermelo Piñeiro: é unha proposta a prol da igualdade e estamos a favor. Sempre tivemos unanimidade.

Sra. Vizoso Marcos: profundizamos no contido da moción. Dispostos a apoiar nos puntos 1 e 2, non pode quedar só en palabras. No punto 3 fálase do plan do Estado, no punto 5 fálase do plan de igualdade municipal, xa imos polo 5º, habería que dar conta dos resultados, no punto 6 do plan de recursos económicos aos clubs que non discriminen por razón de sexo. Hai que sancionar aos que discriminen. Iso é o que di a lei. Hai cousas xa establecidas na lei, sobre todo da muller prostituída. No punto 8º eliminar a publicidade discriminatoria. Estes puntos están na lei. A publicidade ten que ser non sexista. Hai puntos que están demais. Non pode quedar todo só en palabras. Propoñemos só os puntos 1 e 2.

Sr. alcalde: interpretamos de forma diferente a proposta. Explica como entende a proposta. Fágome eco dunha proposta e a propoñemos tal como ven. Non retiramos os puntos.

Sra. Villar Rodal: aínda coa reiteracións apoiaremos.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 18 (7 concelleiros/concelleiras do PP, 4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE e 3 concelleiros/concelleiras de BNG).

Abstencións: 3 (concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

Expediente 998/2020. Moción do grupo municipal do PP s/prohibición de fumar nas praias

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 13.02.2020, referente á prohibición de fumar nas praias, que é como segue:

"Rafael Jiménez Fernández, como concelleiro do Grupo Municipal de Cangas, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de xaneiro foi declarada a Emerxencia Climática en España. A este feito, temos que sumar co noso concello sumouse no 2019 ao Pacto dos Alcaldes polo Clima. Ambos feitos, salientan o momento de excepcionalidade que estamos a vivir en canto a toma de compromisos e accións dirixidas á preservación e coidado do medio ambiente. O noso municipio conta con 38 praias as cales supón un importante atractivo turístico, especialmente nas épocas estivais, así como representan unha parte importante do noso patrimonio natural e paisaxístico.

As cabichas, compostas por acetato de celulosa, é un dos residuos máis contaminantes e á vez





máis presente nos nosos areais chegando a tardar 10 anos en descompoñerse. Diversos organismos internacionais teñen denunciado este feito a vez que alertan do contido de sustancias altamente tóxicas como cadmio, arsénico, alquitrán o tolueno entre outras moitas que teñen efectos devastadores no medio ambiente. Como exemplo disto un estudo publicado no 2011 probou que, nunha concentración de unha cabicha por litro de auga, falecía o 50% dos espécimes das dúas especies de peixes elixidas para os experimentos (unha de auga doce e outra de auga salgada).

A actual Ordenanza Municipal de Uso e Disfrute das Praias do ano 2009, se ben contén a prohibición de depositar calquiera tipo de residuo nos areais, parece a vista do exposto, que na súa redacción actual non é útil para atallar e reducir a presenza deste residuo. Por outra banda, se ben consta en diferentes espazos ca praia de Melide é un areal sen fume, o certo é que non hai nada na ordenanza que así o estableza.

Aínda que nos últimos anos avanzouse moito na loita contra o tabaquismo, tomando medidas como reducir os espazos onde é posible fumar, aínda son millóns de persoas as que consumen este produto nocivo para a saúde. Neste senso son moitos os concellos que están a apostar pola prohibición de fumar nas praias como ferramenta efectiva para atallar este problema e que vai en liña co exposto ao inicio desta exposición de motivos de tomar medidas contra o cambio climático e en favor e protección do medio ambiente, polo que pensamos que debe ser a liña na que deberíamos avanzar en Cangas.

Por todo o exposto anteriormente, e a efectos de reducir de forma efectiva a presenza deste residuo no noso termo municipal, desde o grupo municipal Partido Popular de Cangas efectuamos a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1.- O Pleno da Corporación aproba incluír na Ordenanza municipal de uso e disfrute das praias, no seu artigo 19 un epígrafe 6 co seguinte contido: 'Queda prohibido fumar na totalidade dos areais do termo municipal de Cangas'.

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 24.02.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. Jiménez Fernández: explica a moción. É unha medida encamiñada a reducir residuos e contaminación, afecta gravemente á flora e a fauna das praias. Éngadir na ordenanza de praias. Tería efectos positivos cara á saúde pública. O ministerio quere establecer novas prohibicións.

Sra. Giráldez Santos: hai unha emenda presentada polo BNG.

Sra. Verde Curra: modificar as ordenanzas sen sancións non ten moito sentido. Falta persoal para controlar a aplicación deste ordenanza. Tería mais sentido facer un plan piloto nunha praia e un programa de concienciación. Que as cabichas son contaminantes.

Sra. Giráldez Santos: a eliminación de cabichas é imprescindible, hai estudos que indican que o 14% dos residuos das praias son cabichas. Hai que concienciar á xente. Hai un programa





progresivo de praias sen fume. Proponemos unha mellora, a prohibición de xeito progresivo e a realización de campañas de concienciación, polo mal que senta e o dano á saúde. Implantar progresivamente e concienciar.

Sr. Fandiño Alberte: hai que establecer medidas efectivas e de forma progresiva e facelo en todas as praias. Noutros concellos consultouse á xente.

Sra. Portas Mariño: coincidimos co dito pola Sra. Giráldez nesta campaña, pero para prohibir son necesarios medios. Hai que concienciar. Apoiaremos coa emenda do BNG. Concienciar o primeiro.

Sr. alcalde: non podemos ter 38 axentes para controlar todas as praias.

Sr. Jiménez Fernández: é necesario aprobar a moción. Sería mellor concretar algo. A norma aparte de sancionar debe ser disuasoria. Cando falamos de medio ambiente en competencias do Concello non somos ambiciosos. Sería positiva a achega do BNG con algunha praia concreta. A lei antitabaco sanciona e conseguiu a redución do número de fumadores. Sería positivo ampliar a número de espazos sen fume e que sería mais efectivo para conseguir algo

Sr. alcalde: ten que ser a do BNG ou a do PP, porque unha di todas e a outra di pouco a pouco implantar nas praias. Aprobemos paulatinamente as praias sen fume.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar integramente a moción do grupo municipal do PP, transcrita anteriormente, xunto coa emenda indicada polo grupo municipal do BNG, que é como segue:

Proposta do BNG:

1.- O Pleno da Corporación aproba incluír na Ordenanza municipal de uso e disfrute das praias, no seu artigo 19, un epígrafe 6 co seguinte contido: "O Concello implantará a prohibición de fumar progresivamente nos areas cangueses e realizará campañas concienciadoras cara acadar a totalidade dos areas libres de fume".

Expediente 1000/2020. Moción do grupo municipal do PP s/débeda pendente con Galicia

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 11, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 14.02.2020, referente á débeda pendente con Galicia, que é como segue:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE CANGAS PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA

O Grupo Municipal Popular no Concello de Cangas, conforme ao disposto no Regulamento de organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte proposta de:

MOCIÓN





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensuralidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020, trala reunión do Consello de ministros, a ministra de facenda e portavoz do goberno, alegou que era unha cuestión que 'tocaba en el año 2019' e que 'ya se perdió esa oportunidad de poder resarcir', culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de 'Presupuestos Generales del Estado'.

Esta explicación non só carece de fundamento xurídico ningún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu personalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as comunidades autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranse á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os/as veciños/veciñas do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cangas, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1.- Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia perante o Goberno de España, para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017, como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.*
- 2.- Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia perante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de política fiscal e financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.*
- 3.- Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia".*





Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 24.02.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. Millán Blanco: explica a moción. O ingreso do IVE no ano 2017 (decembro) deixou sen ingresar no 2018 para Galicia 170 millóns de euros por parte do Goberno Central. Máis 200 millóns por control de gasto. En total 370 millóns sen ingresar para Galicia. Por iso propoñen declarar o apoio á reclamación da Xunta de Galicia perante o Goberno Central. Le os puntos da moción.

O Goberno está castigando a Galicia polas boas políticas do goberno Galego. Non acepta a engádega do BNG.

Sr. Hermelo Álvarez: o PP quere agora apoiar ao Goberno da Xunta. Respaldamos a engádega do BNG. Non imos entrar en fonduras. Defendemos unha reformulación do financiamento dos concellos e das CCAA. Imos absternos.

Sra. Giráldez Santos: a Xunta o único que fixo foi choromicar, pero o Estado non é inocente. O PP votou en contra de reclamar xudicialmente eses cartos. Non queremos entrar no xogo dunha proposta electoralista do PP. Propuxemos reclamar xudicialmente como fixo Cataluña. O problema é o financiamento, necesítase un novo marco. Agora está presentada porque hai campaña electoral, tiñan que dicirle ao Estado que pagara o que nos debe. Nunha reunión bilateral se negociaría o financiamento.

Sr. Fandiño Albarte: esta moción ten un obxectivo, criticar ao Goberno do Estado. O PP no goberno central modificou esa norma. É unha cuestión non creada por este Goberno.

Sr. Abalo Costa: isto é un acto de campaña electoral. Hai un recorte de 500.000 euros por falta de financiamento dos concellos.

Sr. Millán Blanco: unha reunión bilateral podía ser positiva. En vez de substituír podía ser unha achega. As comunidades que cumpriron coas regras de gasto non debían ser castigadas. Aos que non controlaron déronlle mais posibilidades de déficit e os que gastaron menos castíganse. Grazas á norma de Estabilidade está aberto o Concello. É necesario que se premie a quen fixo o traballo. Incluír o punto 1 da emenda do BNG.

Sra. Giráldez Santos: o Consello de Política Fiscal e Financeira non é bo para Galicia. Por iso falamos de negociación bilateral entre Galicia e o Estado. Non apoiamos ao PP, que non quixo reclamar xudicialmente. Queremos unha comisión bilateral. Eliminar o punto 2 e engadir o punto 7. É unha emenda de substitución.

Sr. Fandiño Albarte: apoiaríamos a emenda do BNG. Por culpa da Lei orgánica de 2012 estamos sen persoal no Concello. Os concellos con superávit estaban castigados por esa lei.

Sr. Millán Blanco: grazas a esa norma están abertas as portas do Concello. Había 17 millóns de débeda. Non entendemos porque en Cangas non queren que se lles devolva estes cartos a Galicia e noutro sitios o PSOE vota a favor.

VOTACIÓN E ACORDO





Concello de Cangas

A favor: 7 (concelleiros/concelleiras do PP).

En contra: 11 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE e 3 concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 3 (concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda rexeitar integramente a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

Expediente 1001/2020. Moción do grupo municipal do BNG s/creación e regulación dos consellos parroquiais

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 1

Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 14.02.2020, referente á creación e regulación dos consellos parroquiais, que é como segue:

"MOCION PARA A CREACIÓN E REGULACIÓN DOS CONSELLOS PARROQUIAIS DO CONCELLO DE CANGAS

Desde o BNG sempre reivindicamos que Galiza precisa dunha distribución territorial máis acorde coa realidade socio-económica do noso país, moi alonxado deste modelo provincial decimonónico.

A parroquia é a célula básica da organización social e territorial de Galiza. O seu recoñecemento xurídico e efectivo como forma de organización política do territorio e como ámbito de participación política directa da sociedade aínda non se materializou legalmente cun marco que dote á parroquia desta condición. Aínda así, o BNG cree necesario dar pulo aos procesos participativos levando ao límite a Lei de Administración Local de Galiza e constituíndo os Consellos Parroquiais.

Os concellos poden, desde unha interpretación aberta da lei, impulsar e articular procesos democratizadores e participativos. O recoñecemento administrativo das parroquias é a constitución de consellos parroquiais, ademais de contribuír a unha asignación máis eficaz dos recursos municipais, debe entenderse como un paso decisivo para impulsar a participación cidadá directa na política municipal e, polo tanto, esencial para a democratización da vida interna dos concellos.

As parroquias do Concello de Cangas amosan unha realidade diversa e complexa; existen parroquias eminentemente rurais, xunto a outras con áreas sometidas a unha grande presión urbanística como consecuencia da expansión do centro da vila pasando por todos os termos intermedios. A día de hoxe existen aínda grandes diferenzas no tocante ao nivel de dotación de infraestruturas, equipamentos e servizos.

Así pois, resulta incuestionable a necesidade de promover procesos de ordenamento e

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 4PF55Y6ZCE3A7AW3K45JG46EW | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 24



vertebración dos diferentes espazos urbanos, xunto coa creación de canles de participación social que favorezan a integración e a implicación da cidadanía na mellora da calidade de vida no seu ámbito mais próximo.

Polo exposto o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte:

ACORDO

1.- Instar ao goberno municipal á creación e regulación dos Consellos Parroquiais do Concello de Cangas, recoñecendo así, administrativamente, á parroquia como a célula básica da organización social e territorial e facilitando a participación cidadá directa na política municipal".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do BNG, emitido en data 24.02.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Giráldez Santos: explica a moción proposta.

Sra. Vizoso Marcos: consideramos que a idea é moi positiva. Contamos cun regulamento de participación que había que actualizar. Igual hai outras fórmulas de participación mais acordes coa realidade actual. Había que saber quen participa neses consellos. Pode ser unha boa fórmula. Un bo punto de partida para empezar a traballar.

Sra. Portas Mariño: pouco mais que engadir. Hai un regulamento do ano 1995. A participación veciñal ten que ser prioritaria. Imos votar a favor do acordo para a participación parroquial. Estase traballando nesa liña e leva tempo traballar niso.

Sr. alcalde: insta a empezar a traballar.

Sr. Millán Blanco: nos causa dúbidas, na teoría sona ben pero na práctica parece que empezamos a casa polo tellado. A modificación do regulamento de participación veciñal debería ser o primeiro. Noutros lugares con consellos parroquiais hai conflitos entre barrios. Hai diferenzas entre unha mesma parroquia en Cangas. Primeiro o regulamento de participación cidadá e despois o resto.

Sra. Giráldez Santos: no Consello debe haber un regulamento tendo en conta a diferenza e complexidade das parroquias de Cangas. Trátase de dar recoñecemento ás parroquias como unidade xeográfica. Dar recoñecemento político e como cauce de participación.

Sra. Vizoso Marcos: todos teñen razón. A moción é boa para montar unha mesa de traballo para a participación veciñal. Hai que artellar a participación cidadá.

Sr. Millán Blanco: modificar o regulamento de participación veciñal.

Sr. Alcalde: hai que modificar o regulamento e a participación veciñal.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 13 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 3 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3





concelleiros/concelleiras do BNG e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Abstencións: 7 (concelleiros/concelleiras do PP).

Non presente na votación: 1 (o concelleiro do PSOE, Sr. Fandiño Alberte).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do BNG transcrita anteriormente.

Expediente 1002/2020. Moción do grupo municipal do BNG s/sinalización de paneis informativos

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 14.02.2020, referente á sinalización de paneis informativos, que é como segue:

"MOCION PARA A CORRECTA SINALIZACION DOS PANEIS DE DIVULGACION CULTURAL

Referentes a nivel cultural e lingüístico trasladan a súa preocupación pola sinalización utilizada nos paneis informativos recentemente instalados que compartimos.

Tal e como indican, os paneis informativos que os concellos e outras institucións instalan para sinalizar, divulgar e valorizar o patrimonio histórico-cultural van nomeadamente dirixidos a dous sectores da poboación:

1. Á poboación propia, para que coñeza, incorpore e protexa esas mostras do patrimonio artístico-cultural da súa colectividade. Trátase dunha finalidade educativa que - cunha presenza permanente na súa vida - ten un importante impacto na protección e divulgación dese patrimonio.

2. A poboación visitante, persoas procedentes doutras áreas se achegan a eses puntos cunha finalidade turística e de lecer. Os devanditos paneis constitúen un complemento básico pois aportan os datos necesarios para comprender, nunha visita rápida, a importancia do sinalizado.

O Concello de Cangas no mandato anterior e no actual por obras xa comprometidas no anterior goberno municipal, está instalando no municipio paneis informativos deste tipo que sen dúbida terán globalmente un efecto positivo, mais cómpre unificalos para que cumpran axeitadamente as finalidades dirixidas aos dous sectores de poboación nomeados.

Así mesmo a inclusión de textos en 'Braille' nos paneis permite acceder ás persoas con discapacidade visual ou ceguera achegando a información a estas persoas e garantindo a accesibilidade aos textos que recollen e divulgan o noso rico patrimonio cultural.

É así que, namentres o panel informativo instalado fronte ao cruceiro de Sínghulis reproduce o





mesmo texto en tres línguas (galego, castelán e inglés), non o 'Braille', por espazo físico, o recién instalado na Avda. de Sequeiros presenta un texto só en español, ignorando á poboación canguesa e doutras partes de Galiza e mais ás persoas doutras áreas lingüísticas que poderían ter como lingua franca ou inglés. Deste xeito renúnciase claramente á función educativa sobre a poboación propia.

Polo exposto o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte:

ACORDO

1.- Instar ao goberno municipal para que todos os paneis de divulgación cultural que o Concello instale figuren nas tres línguas (galego, castelán e inglés) e o 'Braille' en todos aqueles que sexa posible, substituíndo os xa instalados que non cumpran este requisito".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do BNG, emitido en data 24.02.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Villar Rodal: explica a moción. Os paneis que se instalan para ser dirixidos á poboación e para os visitantes sobre información de patrimonio. Consideramos que teñen un efecto positivo. Hai paneis con 3 idiomas e outros cun so idioma. Consideramos que deberían estar nos 3 idiomas. Le o contido da moción.

Sr. alcalde: estamos de acordo. Deuse orde de complementar o castelán en galego.

Sra. Vizoso Marcos: apoiamos a moción. E solicitamos que o Concello se dote de persoal para a normalización lingüística.

Sr. Soliño Soliño: unha moción que darlle o visto bo. Mirar a situación, colocación e mantemento dos paneis. Nos parece boa moción. Imos apoiar.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente.

Expediente 1004/2020. Moción do grupo municipal do PP s/prestación dos servizos sociais nas parroquias

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 3, Abstencións: 7, Ausentes: 1

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 15.02.2020, referente á prestación dos servizos sociais nas parroquias, que é como segue:

"María Dolores Hermelo Piñeiro, como membro do grupo municipal do PP, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte:

MOCIÓN





Dentro das funcións dos profesionais de servizos sociais, están as labores de facilitar información sobre os recursos socioeconómicos, coñecer, xestionar e promocionar os recursos existentes entre os potenciais usuarios e os profesionais desta e doutras ramas, para que poidan entrar en contacto e así organizar e achegar á veciñanza a oportunidade de aportar e recibir ideas que melloren os servizos que se prestan desde este servizo (deseñar actividades, avaliar experiencias, escoitar as diferentes demandas).

Cangas por sorte, conta con infraestruturas aptas para ofertar os servizos de traballo social nas cinco parroquias que componen o noso concello, situación esta que facilitaría, desde o punto de vista deste grupo municipal, que estas labores se poidesen acercar á veciñanza e lograríamos así ademáis, dun maior éxito na prestación deste servizo, un reparto mais equitativo dos fondos sociais, xa que estaríamos acercando aos veciños/veciñas das parroquias este servizo e daríamos a oportunidade de que nos acheguen as súas demandas e aportacións dun xeito mais doado.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal a que periodicamente e en función dos medios laborais cos que conta na actualidade o Concello, se preste o servizo dos/das traballadores/traballadoras sociais, polo menos unha vez ao mes en cada unha das parroquias".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 24.02.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Hermelo Piñeiro: explica a moción. Que os traballadores sociais se acerquen ás parroquias dunha forma periódica para informar da situación.

Sra. Portas Mariño: isto xa sucedeu e retirouse porque non funcionou. Paréceme boa idea, pero o compromiso sería pedir un estudo e informe sobre a demanda das parroquias. Os traballadores xa realizan isto no seu traballo diario.

Sr. Hermelo Álvarez: existe certa controversia, dar a coñecer os servizos é informativo. Hai demanda dos traballadores dun protocolo de seguridade. Hai certa confusión entre a proposta e realidade. Dificultaría o informe a realizar. Imos absternos. Debería estar protocolarizado o que se pode facer.

Sra. Giráldez Santos: entendemos que en función dos medios se faga este servizo. Apoiamos a proposta. Haberá que facer un estudo.

Sr. alcalde: os traballadores necesitan un protocolo de seguridade e pedir un informe da situación e dispoñibilidade.

Sra. Hermelo Piñeiro: non podemos falar de igualdade se non se acercan os medios a todos os veciños. O informe é para saber as posibilidades e en función disto se leve a cabo. Nos parece unha boa medida. Iguala aos do centro cos das parroquias.





Sra. Portas Mariño: os servizos sociais son os que están e deben estar protexidos. Hai prestacións moi amplas. Levan moito tempo pedindo un protocolo contra agresións que non podemos garantir noutras parroquias. Se se percibe que algún veciño ten necesidade debe comunicarse aso servizos sociais é atendido.

Sr. Hermelo Álvarez: se se trata de tramitar axudas é necesario ter a seguridade e entregar documentación persoal. Antes de facelo hai que garantir a seguridade. Cando se recibe axuda hai un protocolo. Respectando a boa intención hai que ter coidado.

Sra. Hermelo Piñeiro: lee o punto de acordo. Falo de achegar este servizo ás parroquias sen incumprir á seguridade, unha lei protexe o tratamento dos documentos.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 10 (7 concelleiros/concelleiras do PP e 3 concelleiros/concelleiras do BNG).

En contra: 3 (concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Abstencións: 7 (4 concelleiros/concelleiras de ACE e 3 concelleiros/concelleiras do PSOE).

Non presente na votación: 1 (o concelleiro do PSOE, Sr. Fandiño Alberte).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

Expediente 1005/2020. Moción do grupo municipal de AVANTE s/elaboración dun concurso de ideas para a zona das naves de Ojea

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal de AVANTE de data 17.02.2020, referente á elaboración dun concurso de ideas para a zona das naves de Ojea, que é como segue:

"MOCIÓN SOBRE A ELABORACIÓN DUN CONCURSO DE IDEAS PARA AS NAVES DE OJEA

O grupo municipal Avante! - Candidatura Veciñal, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En maio de 2018 coñecíamos a intención desde a Xefatura Provincial de Costas de non renovar ningunha das concesións de empresas no contorno da casa consistorial, nas chamadas Naves de Ojea. A Lei de costas vixente obrigaba ao desaloxo das instalacións en xullo dese mesmo ano. Ademais, afirmábase a intención de transferir eses terreos ao Concello de Cangas, se o organismo municipal así o solicitaba.

No mes pasado, o Concello recibía de Costas as chaves dunha das naves e coñecemos pola





prensa que mesmo se valoraron alternativas como a súa utilización para almacén temporal de vehículos, que foi denegada polo Estado.

Cangas ten un déficit notable de espazos de uso comunitario, especialmente baixo cuberta. É unha reclamación recorrente do tecido sociocultural, que ten problemas para a organización de actividades no caso de mal tempo. Estas edificacións deben configurarse como un espazo multifuncional sobre o que se dinamice culturalmente a vila con exposicións, concertos e outras actividades promovidas polas administracións e por colectivos locais.

Por outra banda, tamén se expuxeron varias vías para a formulación do proxecto. Cangas precisa apostar pola calidade e excelencia na elaboración dos proxectos cos que desenvolver a nosa vila. Un concurso público, no que participen en concorrencia competitiva expertos na materia, é a solución que pode proporcionar varias alternativas sobre as que seleccionar a mais axeitada.

É preciso anticiparse a que se formalice reversión para, xa cunha proposta definida, traballar con outras entidades galegas e estatais, ou mesmo outras administracións que xestionan fondos europeos para a colaboración no desenvolvemento do proxecto.

Propoñemos os seguintes puntos de acordo:

- Realizar un concurso de propostas para actuar nos edificios e na contorna das Naves de Ojea.

- 1. - Negociar con outras administracións o financiamento (total ou parcial) da rehabilitación deses espazos para o uso da cidadanía.*
- 2. - Convocar no prazo de 30 días unha xuntanza coas portavoces de todos os grupos políticos para acordar o modelo de concurso".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal de AVANTE, emitido en data 24.02.2020 pola Comisión Informativa Única.


Intervencións:

Sr. Hermelo Álvarez: explica a moción. Ante as noticias de regresión das naves de Ojea ao Concello, pensamos que require dun consenso por iso propoñemos un concurso de propostas e una mesa de traballo dos grupos políticos. Anticiparse para ter algunha idea tanto de profesionais como de veciños. Hai que reformular os espazos das naves e a contorna. Sentemos para definir como pode ser esta fronte da vila. Unha proposta de traballar é consensuar coa veciñanza para participación de disfrute de todos.

Sr. alcalde: as naves de Ojea non son nosas, son para uso.

Sra. Giráldez Santos: entendemos que hai un anteprojecto que hai que actualizar. Consensuar os usos. Falta definir os usos e espazos. Presentamos a emenda ao 1º punto. Recuperar e actualizar o anteprojecto feito.

Sr. Abalo Costa: falamos de achegar os servizos aos cidadáns. Xa falei de concurso de ideas aquí e tamen no bordo do litoral de Massó. A participación pública é necesaria. Temos un uso definido porque obrigou o Servizo Provincial de Costas. Hai que adecuar isto co plan xeral é





imprescindible co proceso de desafectación desde a Alameda Nova ata Ojea. Calquera actuación debe ter permiso de Costas e da Xunta. Xa se traballou no goberno anterior de facer un concurso de ideas.

Sr. Soliño Costas: vemos a necesidade de recuperar as naves de Ojea. Existe un anteproxecto onde se recuperaban os espazos públicos dando unha imaxe de calidade a todo ese centro. Consideramos que hai necesidade e urxencia en recuperar eses terreos. Antes do concurso debería haber un prego coas condicións. É necesario esa recuperación, un concurso de ideas limitándose a ese espazo de calidade recuperando ese anteproxecto e xerar un concurso para o tema de usos e espazos públicos.

Sr. Hermelo Álvarez: non aceptamos a emenda. Con respecto ao que di o PP de que é pouco definida, se chegamos a traer un modelo, sí estaría definida. A idea é que nos sentemos e digamos cara a como queremos enfocar o proxecto. O anteproxecto falaba tamén de usos moi definidos. É necesario abrir o debate e actualizalo. É unha idea propositiva e en aberto. Debátelo previamente e traelo a Pleno. Podemos reformular este espazo de forma consensuada e conxunta. Deixalo aberto a todos os grupos políticos e sacar o debate á rúa.

Sr. alcalde: no punto 1º di sacar a concurso de ideas. Pediríalles a cada grupo que no espazo de 30-40 días nos reuníramos para ver que facer con ese espazo. Ver o proxecto que hai ou facer outra cousa e se non serve, facer o concurso de ideas. A intención é abrir un debate. Pódese apoiar así.

Sra. Giráldez Santos: o anteproxecto era unha idea, nós tamén queremos un espazo multifuncional. Para moitas actividades, pero pensamos que hai que definilo. Recuperalo, miralo e actualizalo.

Sr. alcalde: retírase o punto 1º da moción presentada. Convocarase unha reunión dos portavoces e procurarase financiamento para o proxecto.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Soliño Costas: sobre o Plan Xeral, ¿váísenos convocar para informarnos?

Sr. alcalde: paso a pregunta ao concelleiro de urbanismo (agora non está presente).





Sr. Sotelo Villar: no Pleno pasado preguntouse polo contratos dos novos colectores de aceite e un mes despois non temos resposta. Insistimos en que se nos conteste.

Sr. alcalde: prégolle ao Sr. concelleiro de área que conteste.

Sr. González Fernández: responderei por escrito o luns. Pero a pregunta non teñen que facela á mancomunidade.

Sr. Sotelo Villar: non foi dirixida á mancomunidade.

Sr. Hermelo Álvarez: sobre a cementeira da estrada da Madalena, a estrada está chea de escombros e sen vallar, ¿a qué se debe?

Sr. alcalde: enterareime e inspecionaremos o lugar.

Sr. Hermelo Álvarez: na Avda. de Lugo, á altura do cruce coa rúa San José, nun paso de peóns hai unha tapa de alcantarilla mais baixa que a estrada e tropézase, prégase a reparación.

Sr. alcalde: comprobarase o lugar.

Sra. Vizoso Marcos: presentouse unha moción de Amigos da Terra, sobre unha campaña para a eliminación de bolsas de plástico de un só uso. ¿por qué non se fixo a campaña?

Sr. alcalde: trasladarei a cuestión ao concelleiro de medio ambiente.

Sra. Vizoso Marcos: ¿solicitouse algunha subvención á Consellería de Cultura para equipamentos en locais culturais?

Sr. alcalde: solicitouse axuda para cambiar a escala metálica da Casa de Cultura.

Sra. Hermelo Piñeiro: no Pleno pasado pediuse información sobre o material sacado da nave de Córdoba en Ojea. ¿levouse a Bueu ao punto limpo? Non temos resposta.

Sr. alcalde: entregarei os informes solicitados.

Sr. Soliño Soliño: nos centros culturais de Coiro e Cima de Vila, íase facer unha actuación.

Sr. Alcalde: en Cima de Vila fixéronse unhas ramplas, pero como non cumpren para ser colexio electoral, trasladouse ao auditorio. En Coiro estamos esperando polos orzamentos para realizar a actuación.

Sra. Villar Rodal: en Nerga, a pasarela do Rego das Vacas está gravemente deteriorada e na praia de Barra, onde estivo instalado un quiosco de praia hai un pivote de ferro descuberto na area, polo tanto pregamos se inste á Xunta a reparar a pasarela e ao Concello a retirar o pivote de ferro.

Sr. Jiménez Fernández: quería preguntar polos proxectos de xuventude que non percibiron subvención en 2017 e por qué non se presentaron proxectos para os campos de voluntariado.

Sr. alcalde: van enviar respostas os técnicos de xuventude.





Concello de Cangas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

